

**OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025**  
**Enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo**

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓNS:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**EXAME EN GALEGO**

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. Indique cal é a resposta correcta. A Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, no artigo 92, establece que o Servizo Galego de Saúde está adscrito a:**

- A) Ao Parlamento.
- B) Ao Consello Asesor de Pacientes da Xunta de Galicia.
- C) Á Consellería de Sanidade.
- D) Á Secretaria Xeral Técnica en materia de Sanidade.

**2. Na Constitución española de 1978, no Título I: dos dereitos e deberes fundamentais, no capítulo III establécense os principios reitores da política social e económica. Indica cal dos seguintes enunciados non é un destes principios:**

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito á propiedade privada e á herdanza.
- C) O dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.
- D) O dereito dos españois a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada.

**3. Indica cal é a resposta correcta. A Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, no artigo 31, establece que a dirección do sistema público de saúde de Galicia lle corresponde:**

- A) Á Xerencia do Sergas.
- B) Á Consellería competente en materia de Sanidade.
- C) Á Secretaria Xeral Técnica competente en materia de Sanidade.
- D) Á Dirección Xeral de Saúde Pública.

**4. A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece os dereitos dos mesmos. Indica cal dos seguintes é un dereito individual indicado no artigo 17.**

- A) Á acción social nos termos e ámbitos subxectivos que se determinen nas normas, acordos ou convenios aplicables.
- B) Á folga, garantíndose en todo caso o mantemento dos servizos que resulten esenciais para a atención sanitaria da poboación.
- C) Á libre sindicación.
- D) A dispoñer de servizos de prevención e de órganos representativos en materia de seguridade laboral.

**5. Indica cal é a resposta correcta. Na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece no artigo 63, que o desenvolvemento de forma integrada e mediante o traballo en equipo de todas as actividades encamiñadas á promoción, prevención, curación e rehabilitación da saúde, tanto individual como colectiva, dos habitantes da zona básica realizarase:**

- A) Nos centros de saúde.
- B) Nos complexos hospitalarios.
- C) Nos hospitais públicos e/ou privados.
- D) En calquera centro sanitario dependente da Área Sanitaria.

6. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta: O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, na disposición adicional novena establece que o persoal estatutario que consolide un determinado grao persoal terá dereito a percibir as contías correspondentes a un posto de traballo de idéntico nivel ao do grao consolidado no referente ao:

- A) Complemento de destino.
- B) Complemento de produtividade variable.
- C) Complemento de carreira profesional.
- D) Complemento específico.

7. Segundo a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o artigo 7 establece que o tratamento de datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundamentarse no seu consentimento, agás nos casos nos que a lei exixa a asistencia dos titulares da patria potestade ou tutela para a celebración do acto ou negocio xurídico, cando sexa maior de:

- A) 14 anos.
- B) 15 anos.
- C) 16 anos.
- D) 17 anos.

8. A Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece que as retribucións destinadas a retribuír a función desempeñada, a categoría e a dedicación son unha retribución:

- A) Básica.
- B) Complementaria.
- C) De atención continuada.
- D) Persoal.

9. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta: O artigo 45 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece o modo de provisión para a cobertura do posto de supervisor de área:

- A) Será provisto por un sistema de avaliación colexiada.
- B) Será provisto por un sistema de concurso de méritos.
- C) Será provisto por un sistema de libre designación.
- D) Será provisto por un concurso de traslados.

10. Indique a resposta correcta. Na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 9 establece que os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través de:

- A) Dos grupos parlamentarios.
- B) Do Consello Consultivo do Parlamento.
- C) Por Orde do/a Presidente/a da Xunta.
- D) Do Parlamento, da Xunta e do/da seu/sua Presidente/a.

Preguntas de reserva

11. Na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade o artigo 56 establece as estruturas fundamentais do sistema sanitario, responsabilizadas da xestión unitaria dos centros e establecementos do Servizo de Saúde da Comunidade Autónoma na súa demarcación territorial e das prestacións sanitarias e programas sanitarios a desenvolver por estes. Estas estruturas son:

- A) Os complexos hospitalarios.
- B) Os servizos de saúde.
- C) Os distritos sanitarios.
- D) As áreas de saúde.

12. Indica a resposta correcta. Na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 15 establece que a dirección e a coordinación da Xunta lle corresponde:

- A) Ao Parlamento.
- B) Ao Presidente/a da Xunta.
- C) Aos grupos parlamentarios.
- D) Aos Conselleiros/as.





